

Anexo 2

O Parque Industrial e Tecnolóxico de Rozas



A Civil UAVs Initiative está a atraer a Galicia a numerosas empresas con necesidades de realizar investimentos físicos vinculados á I+D+i ou á produción industrial no segmento dos vehículos non tripulados. O Parque Industrial de Rozas é unha infraestrutura desenvolvida pola Xunta de Galicia para facilitar a estas empresas a súa implantación nun lugar único: o propio aeródromo de Rozas.

O **Parque Industrial de Rozas (PIR)** sitúase dentro das instalacións do **aeródromo de Rozas** (concello de Castro de Rei, Lugo), ao nordés do hangar do CIAR. O PIR, constitúese como unha **infraestrutura de carácter empresarial e tecnolóxico** cuxo obxectivo é atraer investimentos estables de empresas do sector aeroespacial a Galicia.

Destinado a empresas, fundamentalmente de carácter industrial e relacionadas coa investigación, o desenvolvemento e a fabricación de sistemas UAVs, considérase unha infraestrutura complementaria ás instalacións e infraestruturas do CIAR.

Urbanizada xa a primeira fase, a Xunta contempla o desenvolvemento de dúas fases adicionais, afectando a unha superficie total de 58.134,67 m².

| TERREO A DISPOSICIÓN DAS COMPAÑÍAS | | | | |
|---|--|---------------|---------------|--------------|
| | FASE 1 | FASE 2 | FASE 3 | TOTAL |
| Superficie total [m ²] | 31.419,65 | 16.987,25 | 9.727,77 | 58.134,67 |
| Superficie útil [m ²] | 7.180 | 4.600 | 4.600 | 16.380 |
| Hangares/naves | A 30/06/2020: - Ocupado: 2.900 m ² , 2 hangares - Disponível: 4.280 m ² , 4 hangares | 4-5 naves | 4-5 naves | 14- 16 naves |




Ilustración: Fases 1, 2 e 3 do Parque, coa pista de acceso á pista de rodadura





Ilustración: Fases 1, xa urbanizada.

Actualmente atópanse en construción os dous primeiros hangares, que se situarán nos terreos da Fase 1. Estes hangares están a ser construídos por dúas empresas multinacionais, INDRA e BABCOCK, que se atopan executando senllos programas conxuntos de I+D con GAIN no marco da Civil UAVs Initiative.



VISTA ACCESO PRINCIPAL

